

**ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL**

Procedemento	Procedemento aberto simplificado/único criterio de valoración/ trámite ordinario	
Obxecto	<b>Instalación dun aparello elevador no edificio municipal do local social da Asociación de Veciños de Mandiá, Ferrol (2021.2100.0026.0) incluído no Plan Único de Obras e Servizos POS+2021 (Achega Provincial 2021)</b>	
Número expediente	<b>AVSS 03007 24/22</b>	<b>Cívidas nº 202303922</b>
Lugar:	Sala de Comisións do Concello de Ferrol	
Data	26 de agosto de 2024	
Hora de inicio	11:42:00	
Hora remate	13:07:00	
Asistentes sen voto	Dona M. <sup>a</sup> José González Novo, arquitecta municipal e don Julián Reina Villalón, representante do grupo municipal PSOE.	

Presidente:

Don José Tomé López, en suplencia do concelleiro delegado de Contratación..

Vocais:

Dona Ana Elisa Quindós Lindín, xefa do servizo de Contratación; dona Paula M<sup>a</sup> Vázquez Carrasco, oficial maior, en suplencia da directora da oficina xurídica; dona Sonia Corral Corral, viceinterventora, en suplencia da interventora municipal e dona Beatriz Bouza Pico; xefa do servizo propoñente do contrato (Vías e Obras).

Secretaria

Dona M.<sup>a</sup> Flor Maceiras Pérez, xefa de negociado, do servizo de Contratación.

A Presidencia da por iniciado o acto.

**ORDE DO DÍA**

**1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (celebrada en data 03/06/2024)**

Se aproba co voto favorable dos membros asistentes con dereito a voto que participaron na sesión anterior.

**2.- Calificación da documentación xustificativa presentada polo licitador proposto tendo en conta o prezo temerario no que incorre a súa oferta. Adopción dos acordos que procedan.**

Lembráronse os acordos adoptados polo órgano de asistencia na súa sesión anterior, nos termos que constan en acta, e deuse conta do requerimento de xustificación do prezo temerario ofertado pola proposta. A empresa CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS SL, atendeu o requerimento do órgano de asistencia, presentando documentación aos efectos requiridos e dentro do prazo concedido. A documentación presentada remitiuse a revisión e informe dos servizos técnicos municipais.

De seguido; deuse conta do informe técnico, de data 22/08/2024, emitido pola arquitecta municipal de Urbanismo ao respecto da revisión da documentación xustificativa presentada pola proposta. No informe consta o seguinte:

**PROCEDENCIA:** ARQUITECTA MUNICIPAL  
**DESTINO:** CONTRATACIÓN  
**ASUNTO:** INFORME DE VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA BAIXA DESPROPORCIONADA DA

EMPRESA CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS S.L., PRESENTADA AO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "INSTALACIÓN DUN APARELLO ELEVADOR NO EDIFICIO MUNICIPAL DO LOCAL SOCIAL DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE MANDÍA, FERROL INCLUIDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS POS+2021.

**Antecedentes.** Vistas as ofertas presentadas polas empresas, detectouse que a empresa CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS S.L., se atopaba incurso en baixa desproporcionada segundo o informe técnico que consta no expediente; polo exposto na sesión do 03/06/2024 a Mesa de Contratación Permanente do Concello de Ferrol procedeu á valoración das ofertas económicas presentadas e identificou a oferta que incorría en baixa temeraria.

Resultando que a empresa CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS S.L acadou a primeira posición na clasificación final de ofertas; o órgano de asistencia, co voto favorable dos membros asistentes con dereito a voto, acordou:

- Propoñer a adxudicación do contrato de referencia ao seu favor, condicionado a proposta á correcta xustificación da baixa temeraria na que incorre a súa oferta económica.

**Primeiro.** Nas cláusulas 15.4.3 e 15.4.4 do PACP fíxase a documentación que se achegará para xustificar a oferte con valores anormalmente baixos:

*Cláusula 15.4.3 Seran criterios obxectivos para apreciar ou non se a oferta e anormalmente baixa aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos desta:*

*-Xustificación dos prezos ofertados*

*-Volume de obra*

*-Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada e, en particular, no que se refire aos seguintes valores:*

*a) O aforro que permita o procedemento ou o método de construción.*

*b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar as obras.*

*c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para executar as obras.*

*d) O respecto de obrigas que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo*

*xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP*

*e) Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.*

**CLÁUSULA 15.4.4**

*Os licitadores con ofertas inicialmente con valores anormalmente baixos, dentro do prazo concedido para o efecto deberán presentar para xustificar a oferta, por medios electrónicos, e asinada electronicamente, a seguinte documentación:*

*1. Xustificación de prezos ofertados:*

*A) Materiais*

*A.1 Compra*

*Carta de compromiso dos provedores*

*Prezos detallados*

*A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares)*

*Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público.*

*B) Maquinaria*

*B.1 Alugueiro e/ou contratación*

*Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos*

*B.2 Medios propios*

*Relación detallada da maquinaria*

*C) Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico*

*2. Volume de obra:*

*Neste caso o licitador deberá xustificar que presentou a oferta con presunción de anormalidade a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais de que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.*

*3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada:*

*Xustificarse mediante a achega da nómina e Boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación e declaración de volume da obra contratada.*

*4. Cumprimento das Obrigas Salariais.*

*Presentarase declaración e xustificación de cumprimento de obrigas salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos*

*5. Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas.*

*En todo caso, o órgano de contratación, previo informe dos servizos técnicos e a proposta da Mesa de Contratación ou no seu caso dos Servizos Técnicos ou administrativos competentes, rexeitará as ofertas se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 LCSP.*

*Entenderase en todo caso que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipótese ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.*

**Segundo.** Unha vez achegada a documentación denominada "JUSTIFICACIÓN DE LA BAJA OFERTADA" asinada dixitalmente por Arturo Rodríguez e, en base á ditas cláusulas, infórmase o seguinte:

**Informe da documentación presentada**

A documentación achegada consiste nunha memoria, nunha documentación xustificativa da oferta e na documentación adicional co seguinte contido:

**Memoria e xustificación do estudio económico.**

Manifesta que os rendementos da man de obra son significativamente superiores aos considerados no proxecto e que están especializados na realización de este tipo de tarefas e que cosntan con gran experiencia en obras similares. Suman a esta afirmación á compra de materiais de proximidade para reducir os custes por portes de obra. Indican que a subcontratación de certas unidades de obra permite a redución notable dos custes xerais. Tamén engaden manter o beneficio industrial no 6% e teñen en conta un 3% de repercusión de gastos de oficinas centrais e estiman unha cantidade de 726€ para os gastos xerais.

Na xustificación do estudio económico baséanse na gran experiencia da empresa no que basean os axustes dos prezos con respecto dos competidores e o rendimento do persoal e os puntos favorables e desfavorables que se poden atopar na execución das obras.

Citan como condicións favorables a dispoñibilidade de persoal propio e a contratar para a execución da obra e a dispoñibilidade de empresas colaboradoras na zona con ampla experiencia, garantía e profesionalidade.

**Precios unitarios: presupuesto comparativo.**

Presenta orzamento comparativo de prezos unitarios do proxecto e no que resalta en cor azul os prezos ofertados, en vermello os prezos non modificados respecto ao proxecto e en verde aqueles prezos unitarios estadiados en base ao medios propios da empresa.

No resumo pódese comprobar que a suma dos gastos xerais da súa oferta (726,00€ e 1.57,15€) son moi inferiores ao 13% que fixa o proxecto acorde á norma. O PEM da oferta é de 48.571,65€ e os GG que lles corresponderían serían de 6.314,61€.

Segundo os criterios da Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado o artigo 101.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, Contratos do Sector Público está claro o sentido:

*“en cuanto al valor estimado del contrato en su cálculo deberán tenerse en cuenta, como mínimo, además de los costes derivados de la aplicación de las normativas laborales vigentes, otros costes que se deriven de la ejecución material de los servicios, los gastos generales de estructura y el beneficio industrial”.*

*En virtude do establecido polo artigo 131 do Regulamento Xeral da LCAP (RD 1098/2021) manifesta que:*

*El presupuesto base de licitación se obtendrá incrementando el de ejecución material en los siguientes conceptos:*

*“1. Gastos generales de estructura que inciden sobre el contrato, cifrados en los siguientes porcentajes aplicados sobre el presupuesto de ejecución material:*

*a) Del 13 al 17 por 100, a fijar por cada Departamento ministerial, a la vista de las circunstancias concurrentes, en concepto de gastos generales de la empresa, gastos financieros, cargas fiscales, Impuesto sobre el Valor Añadido excluido, tasas de la Administración legalmente establecidas, que inciden sobre el costo de las obras y demás derivados de las obligaciones del contrato. Se excluirán asimismo los impuestos que graven la renta de las personas físicas o jurídicas.*

*b) El 6 por 100 en concepto de beneficio industrial del contratista.”*

Os artigos 130 e 131 do RGLCAP establecen que na determinación dos gastos xerais e do beneficio industrial ha de terse en conta o total dos custes directos ademais dos gastos de personal, cuestión que non está acreditada para os valores establecidos pola empresa licitadora.

Presenta unha oferta de empresa colaboradora, ORONA, coas descrición das referencia da obra e a contía económica pero está sen asinar por ningunha das partes que constan para a súa conformidade.

A xustificación de prezos ofertados carece totalmente das cartas de compromiso dos provedores nos que baseou a súa oferta así como os medios propios e/ou materiais de produción propia e a súa relación detallada con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público.

Tampouco achega relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos nin dos medios propios que dispoña para as obras.

Para o volume de obra simplemente achega unha relación de obras executadas e en execución; no entanto, non xustifica a súa relación entre as obras que teña contratadas ou en execución e aqueles medios persoais e materiais dos que dispón para poder determinar cómo indice dita relación nos prezos ofertados.

A documentación presentada carece da declaración e xustificación do cumprimento de obrigas salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos. Un certificado amosa obras similares de instalación dun aparello elevador nun edificio de uso público.

Manifesta que a súa oferta (entre outras cuestións favorables) se basea nas subcontratas dalgúns prezos unitarios pero en ningún caso, consta a relación de subcontratos programados e cartas de compromiso de subcontratistas.

Na páxina 7 do documento presentado ratifica o compromiso de executar a obra en prazo, forma e prezo indicado na súa oferta.

## Conclusión

En base ás cuestións que se analizaron mentres se describía a documentación achegada pola empresa, desde o punto de vista técnico, non se considera suficientemente acreditada a oferta anormalmente baixa segundo o prego de cláusulas administrativas particulares.

Coa documentación achegada non se considera acreditada a diferenza de gastos xerais de estrutura e beneficio industrial respecto do fixado polo proxecto aprobado para a licitación. Tampouco presenta acreditación dos medios materiais e da maquinaria.

Presenta oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico e diferenciadas coas empresas subcontratas que as executarían ou empresa licitadora principal. No entanto, carece da declaración e xustificación do cumprimento de obrigas salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos, así como da relación de subcontratos programados que pretende realizar e das correspondentes cartas de compromiso de ditos subcontratistas.

Visto todo o anteriormente exposto, **infórmase desfavorablemente** a xustificación da baixa ofertada pola empresa CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS S.L., entendendo que non acredita documentalmente conforme ás cláusulas 15.4.3 15.4.4 do PCAP a viabilidade da proposta dunha porcentaxe substancial das unidades de obra a executar, a documentación xustificativa está incompleta e non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos e/ou custes propostos polo licitador.

En relación co anterior, e á preguntas do órgano de asistencia, a técnica municipal engade como complemento ao xa informado:

- O 3% de repercusión de gastos de oficinas centrais fixados na cantidade de 1.457,15 euros así como os gastos xerais considerados por eles de 726,00 euros debido á pouca duración do plan de traballos previsto non están acreditados cun desglose axeitado que permita comprobar dita cuestión conforme aos apartados do PACP. Simplemente citan e nomean dita consideración da contía pero non explican de onde sacan a cifra calculada e fixada da oferta achegada; así considérase incompleta e non xustificada dita contía para os Gastos Xerais que no proxecto son do 13%.
- Consta un código de cores no que explican o orzamento comparativo xunto. A cor azul indica os prezos ofertados por empresas colaboradoras. Básicamente é a empresa de ascensores da que presentan a oferta sen asinar por ningunha das partes que constan para a súa conformidade. Tamén indica que os prezos ofrecidos polas empresas colaboradoras son os que supoñen unha redución significativa do orzamento; cuestión que non se reflicte na documentación achegada. Non constan cartas de compromiso da empresa do aparello elevador nin doutros provedores que menciona pero non especifica de forma expresa na documentación para acreditar a oferta presentada.
- Todo isto engadido a que non achega a documentación (declaración e xustificación do cumprimento das obrigas salariais, relación de subcontratos programados, cartas de compromiso, etc) que se lle indica conforme ás cláusulas 15.4.3 e 15.4.4 do PACP informo desfavorablemente aos efectos oportunos.

Tendo en conta todo o anterior; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, acordou:

- Inadmitir a xustificación presentada pola empresa CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS SL e, en consecuencia, EXCLUIR a súa oferta do procedemento.

Considerando a clasificación final de ofertas acordada na sesión anterior:

- PROPOÑER A ADXUDICACIÓN da licitación AVSS 03007 24/22 a favor da empresa URESPA PROYECTOS Y OBRAS SL por ser o candidato que acadou a segunda mellor puntuación.

Tendo en conta os datos inscritos nos rexistros oficiais ROLECE/XUNTA referidos pola licitadora:

- REQUIRIR da empresa URESPA PROYECTOS Y OBRAS SL a presentación de documentación, nos termos establecidos na cláusula 16 do PCAP. Advertíndolle das consecuencias de non cumprimentar adecuadamente o requirimento no prazo concedido.

Remata a sesión. De todo o que, eu, secretaria DOU FE.

***DILIXENCIA:*** Unha vez aprobada a presente ACTA, na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data 16/09/2024; asinan dixitalmente o Presidente e a secretaria na data que consta na sinatura dixital.